

Memoria

Proxecto

Ponte dos Brozos

Curso 2008/2009

MEMORIA PROXECTO PONTE DOS BROZOS

1. Contexto Xeral

O Proxecto Ponte dos Brozos nace da iniciativa da Fundación Amancio Ortega e do convenio asinado entre a Consellería de Educación e a devandita Fundación en xaneiro de 2002.

O obxectivo xeral do mesmo é a modernización dos procesos de ensino e aprendizaxe mediante a incorporación de avanzados instrumentos tecnolóxicos da información e comunicación como medio didáctico para acadar as mellores metas educativas.

2. Profesorado

Neste momento participan no proxecto PdB o seguinte profesorado:

Ed. Infantil

González García, Montserrat	3 anos
Rodríguez Molares, Ana	3 anos
Suárez Noguerol Calvet, M ^a Beatriz	3 anos
Rodríguez Louro, María	3 anos
Platas Grobas, M ^a Cristina	3 anos
Martín-Aragón de la Fuente, Laura	3 anos
Rodríguez Castro, Silvia	3 anos
López López, María Lidia	4 anos
Vázquez Pacio, M ^a Teresa	4 anos
Bouzada Laredo, Cristina	4 anos
Vilariño Vázquez, Isabel	4 anos
Fiaño Gándaras, M ^a do Carme	4 anos
Casales Regueiro, José Carlos	4 anos
Arcos López, M ^a Jesús	4 anos
Castro Zaera, M ^a Ángeles	5 anos
Rodríguez Longueira, M ^a Luisa	5 anos
Vázquez Rodríguez, M ^a Loreto	5 anos
Manovel de la Fuente, Petra Luisa	5 anos
López Santos, Marina Fátima	5 anos
Aguilar Amigo, Montserrat	5 anos

Arroyo García, Purificación	5 anos
Pérez Yañéz, Juan Manuel	Apoio
Varela Aldao, Olga	Apoio
Lorenzo Cousillas, Marta	Apoio
Sánchez López, Ana ^a	Apoio
Fernández Fernández, Patricia	Apoio

Educación primaria:
1º Ciclo

López Cazorla, Rocio C.	1º
Novo Fernandez, Ana Luisa	1º
Castro Tiele, M ^a Adelaida	1º
Paz Suárez, Begoña	2º
Vázquez Barbosa, Elena	2º
Abad Regueiro, Giovanna	2º
Rey Gómez, Concepción	2º
Rodríguez Martínez, Emilia	2º
Copa Rodríguez, Óscar	2º
Villar Vázquez, Natalia	2º

2º Ciclo

Mosquera García, M ^a Carmen	3º
Rilo Otero, Pilar	3º
Piquero Pérez, Lorena	3º
Pérez Pérez, M ^a Carmen	3º
González Rodríguez, Sabino	3º
González Fernández, José Luis	4º
Iglesias Sánchez, M ^a Luz	4º
López Castro, Carmen Mercedes	4º

Pérez López, M ^a Eugenia	4º
Rosato Carballido, Laura	4º
Seoane Novo, María del Carmen	4º

3º Ciclo

Abad Fernández, María Jesús	6º
Canosa Rabuñal, Manuela	6º
Castro Villamor, Jesús	6º
Díaz Albariño, Asunción	6º
Mouriño Teijido, Alfredo	6º
Segade Varela, Ramón	6º
Díaz López, Javier	5º
Rodríguez Torres, Argimiro	5º
González Pereira, Dolores	5º

Especialistas

Gantes Vila, Teresa Pilar	Pedagogía Terapéutica
Mancelle García, M ^a Dolores	Pedagogía Terapéutica
Lorenzo Barral, M ^a Ángeles	Pedagogía Terapéutica
Fernández Rodríguez, Carmen	Audición e Linguaxe
González Varela, Margarita	Audición e Linguaxe
Barja Flores, Francisco Javier	Minoría Étnicas
Pérez Vázquez, Luz M ^a	Ed. Primaria – Inglés
Jove Maceiras, Aurora	Ed. Primaria - Inglés
Morgade Rodríguez, Iria	Ed. Primaria - Inglés
Seoane Rey, María Amelia	Ed. Primaria - Inglés
González Pérez, Teresa	Ed. Primaria - Inglés
Gómez Álvarez, Elena	Ed. Primaria - Francés

Mera Bustelo, José Antonio	Ed. Primaria - Ed. Física
Carballo Pérez, Antonio	Ed. Primaria - Ed. Física
Ponte Justo, Rubén	Ed. Primaria - Ed. Física. Apoio ED
Herrero Verdura, Mario	Ed. Inf e Prim. – Relixión Católica
Pérez Vázquez, M ^a Carmen	Ed. Inf e Prim. – Relixión Católica
Salgado Vilariño, María Luz	Ed. Primaria – Relixión Católica
Naveiras Villar, M ^a Silvia	Ed. Primaria. Relixión evanxelista
Rey Meirama, Mercedes	Dep. Orientación

Coordinador: Fernando Moreno González

3. Obxectivos

3.1. Obxectivos xerais:

Dos obxectivos formulados a principio de curso cumpríronse os seguintes:

- Atender á formación do profesorado nas súas demandas específicas
- Promover accións que permitan dar pasos para crear unha comunidade de aprendizaxe que sirva para acoller ó profesorado que sexa destinado en setembro e para dar respostas ós profesores menos alfabetizados tecnolóxicamente. Traballouse na creación da Aula PdB, nova plataforma de comunicación de todos os membros da comunidade educativa participante no Proxecto Ponte dos Brozos.
- Estudiar as necesidades de equipamento
- Sacar maior proveito a experiencia de moitos dos nosos compañeiros e compañeiras
- Mostra de boas prácticas sobre a utilización das TIC no tratamento da información.
- Participouse na creación do Plan Tic

4. Actividades realizadas:

4.1. Cursos e actividades de formación realizadas:

- Curso de formación inicial. Profesorado de nova incorporación ao PPdB. 26 profesores e profesoras. 1º trimestre do curso 2008-2009
- Pildora Formativa: Google Apps.

4.2. Asistencia a xornadas e congresos

- Congreso Tecnoneet-Logopedia Digital 2008 en Cartagena os días 18, 19 e 20 de setembro. Participaron Carmen Fernández, María Coronado, Rosa García, Fernando Moreno e Margarita González que presentou a ponencia “*Aprendo a respirar. Videos para mellorar a pronunciación*”

4.3. Visitas recibidas

- Recibimos a visita de 85 alumnos e alumnas da especialidade de Ed. Infantil da Facultade de Ciencias da Educación de Ourense os días 3 e 10 de decembro
- Jordi Adell visitou o centro o día 10 de febreiro
- Sebastià Capella e Nuria Barba visitaron o centro o día 22 de maio

5. Organización dos integrantes do proxecto:

- O coordinador pedagóxico tivo unha reunión semanal, que se foi realizando alternativamente nos 3 centros, cós coordinadores dos outros centros participantes (IES Sabón e IES Pastoriza).
- As reunións programadas para o último martes de cada mes, de 17:30 a 19:15 h. Non se realizaron. Debido a sobrecarga de actividades a realizar os martes.
- Fomento do intercambio de experiencias.
 - Non se puideron realizar como estaban plantexadas. Tentouse facelo usando o correo-e para transmitir as experiencias que se estaban a realizar

6. Equipamento.

- Renováronse dous carros de portátiles con novos portátiles Dell da serie Latitude 630.
- Renováronse unha grande parte dos ordenadores dos recunchos de ordenadores
- Renováronse unha grande parte dos portátiles de uso do profesorado
- Solicitouse á Fundación Amancio Ortega o seguinte equipamento:
 - Dous carros novos con 25 portátiles máis cada un. Pendente de concesión no momento de redactar esta memoria
 - 7 Encerados dixitais interactivos. Concedéronse 4 e un proxector. Dous destes encerados foron para Ed. Infantil, colocándose nunha aula de Ed. Infantil 3 anos e outra nunha de 5 anos, quedando cada nivel de Ed. Infantil cunha PDI. Outro encerado dixital foi para o 2º ciclo de primaria, outro para o 3º Ciclo e un proxector situada na aula de Lingua Inglesa
 - 2 impresoras laser novas. Unha substituíu a situada no pavillón 2 e outra foi instalada no 1º andar do pavillón 3

7. Valoración do curso 2008/2009

O curso foi 2008-2009 foi de preparación de futuro.

Os tres coordinadores, xunto cos representantes e encargados pola Fundación Amancio Ortega dedicamos o ano a preparar o futuro do PPdB.

- Creouse a aula PdB <http://aula.proyectopdb.org> Plataforma de comunicación para todos os participantes no PdB, aberta nunha grande parte a todo o profesorado interesado
- Modificáronse diferentes formularios e normativas. Toda esta normativa aparece recollida nesta Aula PdB
- Establecéronse os criterios e as condicións para asistir aos diferentes cursos e congresos que se organicen ao longo do ano;

Durante o curso 2008-2009 e á parte dos que xa viñan funcionando de anos anteriores, creáronse e mantivéronse os seguintes blogs, dos que eu teño coñecemento, tanto de aula como de profesorado:

- Viaxando en Cuarto: Blog dos alumnos e as alumnas de 4º que están a facer un blog viaxeiro entre todas as clases do nivel: <http://viaxandoencuarto.blogspot.com> .

- O blog de Asun: Blog do alumnado de 5º B: <http://oblogdeasun.blogspot.com/>
- Brozos en francés: Blog de Elena Profesora de francés
<http://www.brozosenfrances.blogspot.com/>
- Having fun with english: Novo blog de inglés, neste caso creado por Luz.
<http://lupeva.blogspot.com>
- <http://osdeprimeiro.blogspot.com> Blog do profesorado de 1º
- <http://arao.nireblog.com> . Novo blog da clase de Ramón
- <http://oscarrabouxos.blogspot.com/> Blog onde Jose Carlos recolle o que van escribindo os seus alumnos e alumnas

Destacar o premio concedido a caza do tesouro chamada “Busco alimentos” realizada por Javier Díaz. Esta caza do tesouro conseguiu o 1º premio na convocatoria dos premios á innovación educativa na educación nos valores democráticos no apartado referido Educación para a saúde e a calidade de vida.

8. Propostas para o curso 2009/2010

- Conseguir un marco estable e permanente para o Proxecto Ponte dos Brozos
- Potenciar a Aula PdB para mellorar a comunicación entre as persoas implicadas no proxecto
- Establecer unha relación máis estreita coas escolas unitarias
- Establecer un calendario de reunións e tentar cumprilo.
- Potenciar as páxinas web profesionais, ou os blogues como alternativa as mesmas, do profesorado.
- Estudiar o xeito de crear páxinas web ou blogues para o alumnado.
- Estudiar a creación dunha ou de varias redes sociais para poder realizar un traballo colaborativo co alumnado
- Estudiar a mellora da rede WI-FI
- Continuar a renovación dos equipos que están a quedar obsoletos.
- Potenciar as saídas e a asistencia a congresos ou xornadas dos membros do PPdB
- Mellorar o sistema de intercambio de experiencias.

MEMORIA EDUCACIÓN INFANTIL 3 ANOS

1. INTRODUCCIÓN

Esta memoria pretende recoller as actuacións máis significativas realizadas nas aulas de Educación Infantil, no marco do proxecto *Ponte dos Brozos*, do nivel de 3 anos.

O equipo de mestres e mestras do nivel de 3 anos entendimos dende o primeiro momento que para acadar un equilibrado desenvolvemento no manexo das TIC`s, era necesario dispoñer do equipamento axeitado, así pois, contamos durante todo o curso escolar, con dous PC`s por aula e un ordenador portátil para uso persoal do mestre ou mestra.

Tras xustificar a necesidade de que haxa ordenadores nas aula de Educación Infantil e que estes deben constituirse como un rincón de traballo máis, parécenos importante tamén, facer referencia ao ordenador como un recurso máis que contribúe ao desenvolvemento dos distintos planos da personalidade infantil, así como un soporte para o progresivo achegamento e adquisición da lectura e escritura.

O uso do ordenador ten un dobre sentido, primeiro pode considerarse como un *fin* xa que ofrécelle ao alumnado os coñecementos e destrezas básicas da informática, e en segundo lugar pode considerarse como un *medio* utilizándoo como medio didáctico.

Ademáis, parécenos importante reflexar tamén que a escola pode brindar a oportunidade, a través das TIC`s, de contribuir a compensar desigualdades intentando facer efectivo o principio da igualdade de oportunidades.

Contribución do ordenador aos distintos planos de desenvolvemento do alumnado:

Para o desenvolvemento psicomotor: motricidade fina, orientación espacial e autonomía persoal.

Para o desenvolvemento socio-afectivo: traballo en equipo, valorando e respetando as actividades dos seus compañeiros e compañeiras.

Para o desenvolvemento cognitivo: traballo da memoria visual, memoria auditiva e adquisición de aprendizaxes significativas.

Para o desenvolvemento da linguaxe: achegamento á lectura e escritura e desenvolvemento da linguaxe oral.

Incluir ao alumnado de 3 anos que aínda non sabe ler nin escribir no uso das TIC`s pode mellorar a súa capacidade para aprender, e os nenos e nenas convírtense en alumnos e alumnas con máis capacidade de atención e curiosidade antes as numerosas posibilidades de exploración que ofrece o mundo dixital.

2. OBXECTIVOS.

Dos obxectivos propostos na Programación xeral anual foron acadados todos eles pola gran maioría dos nenos/as deste nivel.

3. ACTIVIDADES.

3.1.- Programas utilizados:

- SM-TIC 3 anos.
- Trasnos máxicos.
- Tux Paint.
- El conejo lector. Primeros pasos.
- Trampolín. Primeros pasos.
- Trampolín 2-4 anos.
- Cativadas.
- Ven a jugar con Pipo.
- Caillou (colores y números).
- CD multimedia Ed. Rodeira.
- Microsoft Office Word.
- Reproductor Windows Media.

3.2.- Internet.

4. AVALIACIÓN.

A avaliación é positiva en tódolos aspectos, tanto pola motivación que se crea nos nenos/as, como pola súa participación no proceso de ensinanza-aprendizaxe e pola mellora na retención e comprensión dos contidos traballados.

En canto ós programas traballados consideramos moi positiva a utilización dos programas comerciais existentes aínda que pensamos que o feito de elaborar nós actividades específicas para as características do noso alumnado en concreto, fai que os rapaces/as se sentan protagonistas da súa aprendizaxe e, polo tanto, forman un complemento indispensable na consecución dos obxectivos programados.

Ademáis fíxose un grupo de traballo sobre as TIC, onde se incluíron actividades relacionadas con Internet, tal como a elaboración dun blog de recursos para o profesorado e familias, e tres blogs de aula. Ademáis fixéronse varias actividades de JClic para traballar diferentes contidos de educación infantil.

5. PIZARRA DIXITAL INTERACTIVA.

Na aula de I-3F utilizouse a pizarra interactiva e fixéronse moitas *actividades* diferentes:

- Comezouse a utilizar Tuxt Paint como un xeito de ensaio, para que os nenos/as probasen esta nova ferramenta.
- Utilizouse Google para a búsqueda de información complementaria das unidades didácticas plantexadas.
- Tráballouse en Internet en páxinas específicas de crebacabezas para afianzar o control manual, favorecer a atención e a lóxica,...
- Utilizáronse Bits de intelixencia coas súas correspondentes actividades.
- Identificaron sons, asociaron sons e imaxes,...
- Realizaron unhas fichas en Notebook de trazo e dos números 1,2 e 3, que permitiron afianzar o trazo correcto da escritura pasando dun movemento amplo e global á motricidade fina que exige o uso do papel. Estas fichas foran gardadas en cada carpeta de cada neno/a e posteriormente imprimidas para levar para casa e completar o coreado dos debuxos, de xeito que haxa unha continuidade do traballo feito na escola e na casa.

Todo este traballo tivo como *resultado*:

- Aumento da motivación no proceso de ensinanza-aprendizaxe.
- Favoreceu a autoestima dos rapaces/as pola posibilidade de amosar os propios coñecementos ante os demais e, o que é máis importante, naqueles nenos/as que necesitaron un apoio individualizado.
- Beneficiáronse as relacións grupo-clase xa que todos aprenden de todos.
- Mellora na retención e comprensión da información recibida.
- Favorece a coordinación visomotora.
- Supón unha mellor visualización dos recursos e exposición de contidos.
- Ofrece a posibilidade dunha corrección colectiva de moitas actividades.
- Permite preparar as saídas extracolexiais programadas no curso, así como a súa asimilación posterior coa visualización das fotos feitas durante a saída.

En definitiva, a PDI é un gran recurso multimedia que facilita o traballo na aula tanto para o docente como para os alumnos.

MEMORIA EDUCACIÓN INFANTIL 4 ANOS

Nas aulas de Educación Infantil 4 anos traballouse con dous ordenadores por clase, nos que os rapaces/as facían as súas actividades tanto a nivel individual como en pequenos grupos colaborativos.

1.- Obxectivos.

Dos obxectivos propostos na Programación xeral anual foron acadados todos eles pola gran maioría dos nenos/as deste nivel.

2.- Actividades.

2.1.- Programas utilizados:

- SM-TIC 4 anos.
- Misión EOS, a igualdade xoga.
- Cucú Edebé.
- Quén son? Xoga comigo.
- Problemas de quita e pon.
- Descubrimos...
- Ven a jugar con Pipo.
- Calidoscopio. Explora cores, números y papeles.
- Conejo lector kinder.
- Tux Paint.
- Microsoft Office Word.
- Reproductor Windows Media.

De todos eles, “Quén son? Xoga comigo”, “Problemas de quita e pon” e “Descubrimos...” foron elaborados por mestras deste nivel ao longo dos cursos pasados.

2.2.- Actividades con JClic e LIM: As mestras deste nivel formaron un Seminario que funcionou ao longo de todo o curso para elaborar unhas actividades das principais unidades didácticas coas que se traballan en Educación Infantil e coas que os nenos/as poidan traballar ao longo de todo o ciclo. Estas actividades estarán dirixidas a tódolos rapaces da nosa escola infantil e, tendo en conta a cantidade de alumnado inmigrante co que contamos, como medio de achegamento á nosa lingua, xa que non temos material específico para eles.

O proxecto pretende abarcar as principais unidades didácticas coas que traballamos en todo o ciclo de Educación Infantil, o que suporía dispoñer dun material completamente adaptado á nosa práctica pedagóxica.

2.3.- Internet.

2.4.-Cursos: moitas das mestras deste nivel asistiron a diferentes cursiños que se ofertaron como os de LIM e GIMP.

3.- Avaliación.

A avaliación é positiva en tódolos aspectos, tanto pola motivación que se crea nos nenos/as, como pola súa participación no proceso de ensinanza-aprendizaxe e pola mellora na retención e comprensión dos contidos traballados.

En canto ós programas traballados consideramos moi positiva a utilización dos programas comerciais existentes aínda que pensamos que o feito de elaborar nós actividades específicas para as características do noso alumnado en concreto, fai que os rapaces/as se sentan protagonistas da súa aprendizaxe e, polo tanto, forman un complemento indispensable na consecución dos obxectivos programados.

4.- Pizarra dixital interactiva.

A aula de I-4F conta cunha PDI. Os rapaces/as xa estaban adaptados a ela porque viñan de traballar na PDI durante todo o curso escolar pasado.

Fixéronse moitas **actividades** diferentes:

- Utilizouse Google para a búsqueda de información complementaria das unidades didácticas plantexadas.

- Traballouse en Internet en páxinas específicas de crebacabezas para afianzar o control manual e favorecer a atención e a lóxica, de contos interactivos, bits de intelixencia coas súas correspondentes actividades,... Algún exemplo delas son:

<http://artpad.art.com/artpad/painter/>

<http://www.cuentosinteractivos.org/>

http://www.isftic.mepsyd.es/w3/recursos/infantil/bits_de_inteligencia/pages/main.htm

<http://www.jigzone.com/gallery>

- Identificaron sons, asociaron sons e imaxes,...

- Realizaron unhas fichas en Notebook dos números 4,5 e 6, así como das vogais, que permitiron afianzar o trazo correcto da escritura pasando dun movemento amplo e global á motricidade fina que exige o uso do papel. Estas fichas foran gardadas en cada carpeta de cada neno/a e posteriormente imprimidas para levar para casa e completar o coreado dos debuxos, de xeito que haxa unha continuidade do traballo feito na escola e na casa.

Todo este traballo tivo como **resultado**:

- Aumento da motivación no proceso de ensinanza-aprendizaxe.

- Favoreceu a autoestima dos rapaces/as pola posibilidade de amosar os propios coñecementos ante os demais e, o que é máis importante, naqueles nenos/as que necesitaron un apoio individualizado.

- Beneficiáronse as relacións grupo-clase xa que todos aprenden de todos.

- Mellora na retención e comprensión da información recibida.

- Favorece a coordinación visomotora.

- Supón unha mellor visualización dos recursos e exposición de contidos.

- Ofrece a posibilidade dunha corrección colectiva de moitas actividades.

- Permite preparar as saídas extracolexiais programadas no curso, así como a súa asimilación posterior coa visualización das fotos feitas durante a saída.

En definitiva, a PDI é un gran recurso multimedia que facilita o traballo na aula tanto para o docente como para os alumnos.

Como **apunte final**, dicir que moitos rapaces das outras aulas de Educación Infantil tiveron a oportunidade de pasar pola clase onde está situada a PDI para experimentar con ela, así como os seus respectivos profesores/as.

Educación Infantil 5 anos

Dos obxectivos propostos no inicio do curso consideramos acadados os seguintes:

- Coñecer o funcionamento básico do ordenador: apagalo, manexalo rato, abrir programas, manexo do teclado...etc.
- Aproveitar as distintas posibilidades que ofrece o ordenador (audio, debuxo, escritura, gravación de voz, xogos, actividades educativas...)
- Manexar adecuadamente os programas e actividades propostas.
- Reforzar os conceptos, procedementos e actitudes adquiridos na aula.
- Potenciar as capacidades cognitivas de atención, percepción e discriminación.
- Usa-las NNTT para potenciar a memoria, a comprensión e as estratexias de exploración e tanteo.
- Fomentar a interacción e intercambios de puntos de vista entre iguais, ó traballar proxectos en común diante do ordenador.
- Utilizar o ordenador como vehículo de adquisición de coñecementos, destrezas e hábitos.
- Coñecer a ferramenta Internet como medio de información e investigación.
- Recoñecer unha valoración moi positiva ó uso da PDI nunha aula de Ed. Infantil, estimando axeitada a posibilidade de aumenta-lo seu número

Metodoloxía

A pesares do elevado número de alumnos/as e do pouco espacio dispoñible, cada aula tivo o seu recuncho dos ordenadores onde os nenos/as traballaron, xeralmente, de modo individual, agás algunhas actividades concretas nas que se considerou beneficioso a o traballo en parellas.

Tamén foi usado o agrupamento-clase cando a actividade o precisaba: Presentación por vez primeira dun programa novo, de tal xeito que todos, ó mesmo tempo, podían ver o seu desenvolvemento e funcionamento básico. Usouse tamén este agrupamento para observarmos fotografías, vídeos, contos, predicións climatolóxicas, situacións xeográficas, etc...relacionados coas unidades didácticas a traballar .

Alguns dos usos de Internet foron:

- Busca de informacións, imaxes, sons ou músicas
- Complementar novas que xurdiran na clase, trouxeran da casa ou que oíran ou viran na televisión.

- Aplicacións utilizadas:

- Aprendo a leer con Pipo.
- Ven a jugar con Pipo
- Pipo en la ciudad
- Teo
- Tuxpaint
- Tuxtype
- Tuxmath
- La Magia de las letras
- Trampolín 5 anos
- Trasnos máxicos 5 anos(Ed. Edebé)
- SM-TIC 5anos
- Adobe Photoshop

- Papapú (Cd Multimedia de Ed. Santillana)

- Actividades de JClic:

- Os vermes da seda
- A pataca
- El cuerpo
- Os animais

• Actividades con letras. Son moi sinxelas e non están feitas con tódalas letras. Seu obxectivo principal é reforza-la lectura traballando un grupo de palabras (entre 6 e 18) que conteñen ese fonema e que ademais van a traballar na clase

Aproveitando as posibilidades editoriais de Publisher e fíxose:

- un libro de lectura a completar polo alumnado .
- Un libro dos oficios con debuxos e fotos d@s nen@s.
- Fichas sobre de Lingua (consoantes) e Matemáticas (números, sumas e restas).

Actividades elaboradas na aula:

Conto multimedia:

- En Neobook “Carapuchiña Vermella” (cos debuxos escanados dos/as nenos/as, que logo colorearon dixitalmente. Puxéronlle tamén voz á narración).

Outras:

- Colección de Fotografías dixitais das diferentes actividades feitas ó longo do curso (Magosto, Nadal, Proxecto Voz Natura, excursións...) subidos logo a Picasa para compartir cos pais/nais.
- Tres blogs: Dous do profesor ([Bulebule](#) e [A nosa clase](#)), contando o acontecido na aula e outro de aula [Xornal dos Carrabouxos](#) (elaborado coas novas aportadas pol@s nen@s).

Avaliación

Positiva, acadándose a meirande parte dos obxectivos propostos no inicio.

En canto a participación e interese dos nenos e nenas nótase unha grande motivación por ir ó ordenador, habendo , ás veces, pequenas liortas, a pesares de haber unha lista de control.

Segue sendo preciso a observación directa do traballo diante do ordenador pero menos que en cursos anteriores. Hai unha maior autonomía por parte do alumnado. O control depende das actividades a realizar. Segue aumentando a oferta de programas comerciais, tanto por editoriais como por outras empresas non relacionadas co ensino. Tamén aumentan os recursos creados por nos ou por outr@s compañeir@s (e dispoñibles na rede).

MEMORIA PROXECTO PONTE DOS BROZOS

1º nivel do primeiro ciclo

1º A, B, C, D, E, F

1.- INTRODUCCIÓN

Ao comezo do curso propúxosenos formar parte do proxecto Ponte dos Brozos. Pensamos que era unha boa maneira de introducirmos tanto nós coma os alumnos nas novas tecnoloxías dadas as grandes ventaxes que nos ofrecen (apoio na aula, motivación para os alumnos, nova metodoloxía...). A maiores proporcionáronnos unha formación inicial:

- Introducción ao manexo do ordenador e de distintas ferramentas TICs.
- JClic author.
- Como facer un Blog?
- EDLIM
- Redes Sociais

Toda esta formación levounos a poder administrar un blog de clase para todo primeiro: <http://osdeprimeiro.blogspot.com/> que participou no concurso de edublogs 09.

Dous membros de primeiro motivados por toda esta actividade participaron nun grupo de traballo do CEFOR.

Outra mestra de primeiro participou nun grupo de traballo de elaboración de material para audición e linguaxe no que se usaron ferramentas como o powerpoint, lápiz dixitalizador, programas de retoque fotográfico...

2.- OBXECTIVOS

Os obxectivos que intentamos acadar ao longo do curso foron os seguintes:

➤ **Obxectivos de competencia tecnolóxica**

- Usar os compoñentes básicos do entorno gráfico do ordenador
- Abrir e pechar aplicacións
- Iniciar un documento novo
- Gardar e recuperar documentos con axuda
- Acceder á información contida nun CD
- Crear, acceder e editar frases cun procesador de textos
- Imprimir documentos
- Utilizar software gráfico sinxelo

➤ **Obxectivos:**

1. Desenvolar destrezas instrumentais básicas (lectura, escritura e cálculo)
2. Afianzar os conceptos traballados
3. Intentar que os nenos coñezan o pc e os seus periféricos (rato, teclado e impresora)
4. Expresarse libremente utilizando diversos programas para representar a súa percepción plástica.
5. Coñecer o vocabulario informático básico.
6. Lograr a creación de textos escritos, inventados ou copiados utilizando de xeito básico un programa procesador de textos.
7. Saber imprimir e gardar de xeito autónomo un texto escrito.

3.- ACTIVIDADES

- Empregamos os seguintes programas de actividades:
 - Cativadas
 - Trasnos máxicos
 - Trampolín
 - Matemáticas de Pipo
 - La Calesa (Lengua y Matemáticas)
 - Aprende a escribir
 - Recursos interactivos de SM
 - Cantajuegos Volumen 1, 2, 3 y 4

Todos estes programas utilízanse de maneira que cando un neno remata as tarefas plantexadas, fai actividades non ordenador con estes programas.

- Tuxpaint

Utilízase para actividades creativas integradas nos contidos das distintas materias como por exemplo:

Realizar unha paisaxe utilizando figuras xeométricas.

Os nenos van realizar as actividades en quendas de dous mentres os demais realizan outras tarefas.

- Cuaderno de mates

Nas horas de Matemáticas por quendas de dous van realizando as actividades que teñen asignadas neste programa. Para iso asígnouse os nenos con números impares a un ordenador e os pares a outro. Para cada un selecciónouse as actividades a realizar.

Ensínaselles aos nenos a manexar o programa para abrilo e cambiar de alumno de forma independente.

- Visionar contos multimedia elaborados por outros alumnos, profesores, comerciais ou en liña:

COMERCIALES:

- Trasnos máxicos

ELABORADOS POR OUTROS ALUMNOS E/O PROFESORES

- “Os tres bandidos”

APLICACIONES DE JCLIC

No Racó de Clic seleccionaronse actividades como:

- Ven a leer I, II, III

- INTERNET

- Búsqueda de información:

A medida que se avanza nas unidades das distintas materias xorden preguntas dos nen@s ou temas interesantes e fórmulase a busca de información. Desta forma aprendemos a utilizar os buscadores (páxinas web, imaxes, videos e mapas) así como navegar e usar algunhas famosas páxinas que os nenos coñecen. Procúrase en todo momento que os nenos aprendan a seleccionar a información.

- USO E COIDADOS BÁSICOS DO ORDENADOR E OS SEUS PERIFÉRICOS

- Todos os días hai dous encargados da aula que realizan diversas tarefas como repartir os libros, cambiar a data, acender e apagar as luces, acender e apagar correctamente os ordenadores.
- Minimizar, maximizar, restaurar, cerrar as ventás.

- INICIO NO MANEXO DO WORD

- Iniciouse aos rapaces no manexo do word facendo exercicios como contos, ditados, etc. que serviron para ensinarlles a función de distintas teclas, cambiar letra, tamaño, centrado, negrita, cursiva, táboas.

- Abrir documentos, gardalos; abrir carpetas...

- BLOG

- Consulta doutros blogs da rede de blogs de bibliotecas escolares
- Consulta autónoma do noso blog de “Primeiro nivel do primeiro ciclo”

<http://osdeprimeiro.blogspot.com/>

Este blog comeza a funcionar en Outubro de forma común para todo o primeiro nivel do primeiro ciclo de EP.

Comunícaselle aos pais o nacemento do blog para que o poidan consultar.

Os contidos do mesmo son:

- Artigos sobre as actividades e saídas escolares e extraescolares realizadas polos nenos.
- Artigos interesantes relacionados coa educación.
- Información xeral que poidan consultar os pais. Ex: datas de saídas
- Enlaces a páxinas interesantes ou outros blogs escolares.

Ferramentas que se usaron para o blog:

- Picasa
- Youtube
- Issu
- Rockyou
- Scanner
- Moviemaker
- Box.net
- Etc.

4.- CONCLUSIÓN:

Pareceunos unha experiencia enriquecedora e positiva tanto para o profesorado coma para o alumnado, que nos vai a axudar na nosa práctica educativa en vindeiros cursos que esperamos que sigan sendo dentro do proxecto.

Unha limitación para o ensino do manexo dos ordenadores é dispor só de dous PCs. Tamén botamos en falta dispor de pizarras dixitais ou proxectores.

MEMORIA PROXECTO PONTE DOS BROZOS

Aula : 2º A

Número de alumnos: 25

Mestra titora: Emilia Rodríguez Martínez

Equipamento: recuncho con dous ordenadores con conexión a Internet
carro con teclados alpha smart

2.- OBXECTIVOS

Os obxectivos a desenvolver ó longo do curso 2008-2009 partindo da programación xeral anual e da adaptación as características do grupo aula foron:

- Lembrar o coñecemento do ordenador e os seus periféricos
- Coñecer o vocabulario informático básico
- Desenvolver as técnicas instrumentais básicas
- Adquirir a competencia tecnolóxica
- Respetar a quenda establecida
- Respetar e coidar o material informático
- Promover a axuda e a colaboración entre os alumnos/as

3.- ACTIVIDADES REALIZADAS

Para a consecución dos obxectivos anteriormente citados levaronse a cabo as seguintes actividades:

- 1.- Actividades para a familiarización do pc e os seus periféricos: traballo espontáneo cos mesmos, manipulación e observación do ordenador, análise da linguaxe empregada cando se falaba do ordenador.
- 2.- Utilización de Internet para busca de información traballada na aula sobre todo da área de coñecemento do medio, algún traballo de investigación e coñecemento do xornal dixital.
- 3.- Visión de algún vídeo
- 4.- Actividades co caderno de mates: numeración e cálculo

5.- Utilización do procesador de textos: contos, poesías, noticias e traballos para a revista do centro.

6.- Actividades para practicar co teclado empregando os alpha smart: xogos, escritura de frases...

4.- ORGANIZACIÓN DAS ACTIVIDADES

Nas actividades comúns citadas anteriormente estableceronse diferentes quendas para a súa utilización, de xeito que todos/as puidieran facer uso del. Unha vez interiorizadas e asumidas; os mesmos nenos/as organizábanse autónomamente, e axudábanse entre eles xa que eran grupo de nenos/as moi familiarizados co uso do mesmo.

Tamén se empregou o seu uso como fonte de estímulo e motivación para realizar as outras actividades académicas, permitindo o emprego do mesmo como un premio en determinadas ocasións.

5.- CONSECUCIÓNS DOS OBXECTIVOS E VALORACIÓN DA PARTICIPACIÓN NO PROXECTO

Traballáronse e conseguíronse todos os obxectivos, aínda que con diferente grado de adquisición. Os que conseguiron un maior grado de interiorización foron do 1 ó 4 debido ás características iniciais do grupo, á fácil organización para realizar as actividades de caderno de mates e visionar os vídeos debido as dimensións da aula, e a motivación producida co emprego de Internet. Os obxectivos 5 e 6 foron os menos traballados porque os nenos/as precisaban moito tempo para producir os textos e por iso precisábase un tempo do que nos dispoñíamos.

De maneira xeral considero moi positivo a participación no proxecto por ser un instrumento fundamental para a adquisición da competencia tecnolóxica nos alumnos/as e empregar un instrumento presente na sociedade actual que favorece a motivación hacia a adquisición das aprendizaxes.

MEMORIA FINAL 08/09 “PROXECTO PONTE DOS BROZOS”

CURSO: 2º E

TITORA: Eva Blanco López

1. INTRODUCCIÓN

Contamos con dous ordenadores de sobremesa e un portátil.
Temos acceso a internet.

2. OBXECTIVOS

- Identificar o ordenador e os seus periféricos (monitor, teclado e rato).
- Utilizar con maior precisión o rato e o teclado.
- Coñecer o vocabulario informático básico (pinchar, arrastrar, dobre clic...)
- Analizar as distintas posibilidades que ofrece o ordenador (internet, xogos, música, vídeos,...)
- Mellorar a atención e discriminación auditiva e visual.
- Desenvolver e afianzar a lectura, a escritura e o cálculo.
- Aumentar o vocabulario.
- Fomentar a creatividade.

3. ACTIVIDADES E RECURSOS

* PROGRAMAS UTILIZADOS

- Caderno de mates: Adaptei o programa ao galego normativo e traballaron a numeración, o cálculo, a ordenación...
- Tux Paint.

* JCLIC

- Nomes de animais: Adaptei o programa ao galego normativo e traballaron vocabulario de animais en galego.
- A numeración do 1 ao 100: Adaptei o programa ao galego normativo.

*INTERNET

O ter os ordenadores na aula permitiunos facer calquera tipo de consulta e a calquera hora. Sen dúbida os buscadores foron unha gran ferramenta, sobre todo á hora de buscar imaxes e definicións.

* VISUALIZACIÓN DE VÍDEOS

Ás veces, cos nenos de alternativa, víamos DVDs no portátil.

* MÚSICA

Un gran recurso semanal, sen dúbida, para aprender as táboas de multiplicar con Miliki.

* CONTOS

Usámolo para escoitar as lecturas das unidades de Lingua Castelá e Lingua Galega.

* VARIOS

Como mestra o ordenador foime de gran utilidade para a elaboración de material didáctico (fichas, exames...) e para a produción no MOVIE MAKER dun DVD recordatorio para os alumnos de todo este curso 2008/2009.

4. METODOLOXÍA

Entre que o primeiro trimestre foi de cursiño, de entrega de ordenadores e de planificación do traballo e o terceiro é tan curto, cunha programación tan axustada e que require tantísimo traballo lectoescriptor en papel... podemos dicir que o flato forte das TICs na nosa aula foi no 2º trimestre.

Fixen unha folla de seguimento para asegurarme que todos os alumnos utilizaban os mesmos programas o mesmo número de veces. Así que, por parellas (cada un nun ordenador) ían facendo o seu traballo mentres o resto da clase traballaba normalmente nos libros ou nos cadernos. Intentei que non viran o ordenador coma un premio, se non como unha ferramenta máis do seu traballo.

5. AVALIACIÓN

Teño a sensación de que traballamos pouco nos ordenadores, pero é que tamén teño a sensación de que traballamos pouco no caderno... Será que o ser humano é inconformista por natureza. Como puntos negativos desta experiencia atopei que nenos máis lentos no ordenador, levaban máis deberes para a casa; e que os de atención máis lábil despistábanse con facilidade mirando cara aos “informáticos”.

Polo demais a valoración que fago é positiva e volvería a meterme no proxecto para ir profundizando neste campo das TICs na aula.

MEMORIA PROXECTO Ponte dos Brozos

Aula : 2º Primaria grupo G

Titora : Isabel de la Cruz Cenamor

Curso 2008-09

Este foi o meu segundo curso como participante no proxecto PDB. Ao cambiar de aula, a miña ubicación fixo necesaria a dotación de ordenadores, así como de novo clabeado, xa que só tiñamos unha pantalla dixital que outra profesora solicitara con anterioridade.

Esta dotación retrasouse e non puidemos comezar coas actividades informáticas ata decembro, xa case nas vacacións do Nadal.

Neste curso propuxérame unha temporalización fixa e continua no uso dos ordenadores. Así, o alumnado ía case todos os días, de dous en dous, ao rincón informático, durante aproximadamente media hora.

Os rapaces son autónomos no que se refire ao encendido, apagado e ubicación dos programas traballados. Un dos que máis empreguei foi o cuaderñ de mates. Resultou unha actividade pracenteira inda que se tratase de cálculo matemático puro e duro.

Eye OK e Tuxtype foron outros programas aos que tamén recurrín.

Tamén visitamos algunhas páxinas de Internet para buscar imaxes sobre o Sistema Solar (Ano Internacional da Astronomía), e a páxina de supersaber.com.

Botei en falta o emprego de cascos, pois , ás veces tiña que rebaixar o nivel de son do ordenador, xa que fomentaba a aparición de comportamentos non desexados.

Esto en canto ao traballo co alumnado. Pola miña parte, gustárame ter tido máis dispoñibilidade horaria e poder acudir a algúns cursiños que parecían interesantes (Blogs e open office)

MEMORIA DE ACTIVIDADES 2008-2009

- CENTRO: C.E.I.P. “Ponte dos Brozos”. Arteixo
 - NIVEL: 3º de Educación Primaria (Segundo Ciclo)
 - CURSO: 2008/2009
-

0.- LIMIAR

Esta memoria é un documento que reflicte o traballo desenvolvido polas mestras e o mestre cos recursos tecnolóxicos facilitados pola Fundación Amancio Ortega.

1. CONSECUCIÓN DOS OBXECTIVOS PROPOSTOS

1.1. *Como competencia tecnolóxica para o alumnado*

- Coñecer e empregar o teclado AlphaSmart e dos portátiles segundo os principios mecanográficos.
- Utilizar un buscador para atopar información escrita e icónica.
- Empregar unha páxina interactiva nunha plantilla para realizar un traballo en equipo.
- Manexar Word para a presentación de traballos.
- Usar o Tux Paint
- Crear carpetas para gardar o traballo persoal no ordenador.
- Poñer en práctica as pautas básicas para facer conexións seguras a Internet

1.2. *Como competencia de aprendizaxe para o alumnado*

- Utilizar internet como medio de xestión da información e como recurso para a realización de actividades de carácter interactivo en Lingua Castelá e Lingua Galega (comprensión lectora, ortografía), Matemáticas (cálculo e realización de problemas), Coñecemento do Medio (A auga, o Universo, o corpo humano, mapas, coñecemento da localidade)
- Usar as plantillas en word para elaborar traballos en equipo.
- Empregar Cds de actividades interactivas nas distintas áreas
- Realizar actividades Clic para o traballo nas distintas áreas.
- Practicar co Caderno de Mates para conseguir fluidez no cálculo

1.3. *Como recurso profesional do mestre.*

- Medio para elaborar materiais didácticos
- Ferramenta para promover novas presentacións didácticas na aula
- Instrumento para a xestión titorial
- Elemento para acceder á información profesional, á formación e para comunicación.

1.4. *Ordenadores de sobremesa*

- Utilización para a realización de actividades, sacadas de recursos en liña e cd interactivos nas Linguas, en Matemáticas e Coñecemento do Medio

1.5. *Pizarra dixital interactiva de 3º D*

- Acceso a recursos didácticos diversos da axenda Smart
- Traballos para o alumnado de elaboración propia do profesor nas distintas áreas.

1.6.- Realización de materiais didácticos

- O traballo co alumnado caracterízase pola utilización de recursos de elaboración propia do profesorado empregando Word e Quark como editores de textos.

SEGUNDO NIVEL DO SEGUNDO CICLO DE EDUCACIÓN PRIMARIA

OBXECTIVOS

1. Utilizar as funcións básicas e imprescindibles dos sistemas operativos: manexo de fiestras (minimizar, maximizar), abrir programas, apagar o computador, etc...
2. Aplicar funcións básicas que lle permitan crear traballos: : coñecer teclas básicas do teclado, escribir textos, gardar e recuperar arquivos, imprimir, incluír unha imaxe no texto.
3. Utilizar varios programas educativos relacionados cos obxectivos do currículo do Segundo Ciclo de Primaria.
4. Coñecer o funcionamento básico dun programa de edición de imaxes creando figuras simples, editando estas figuras, cambiando o grosor, borrando, enchendo de cor, creación de imaxes máis complexas a partir destas figuras simples.
5. Aprender a navegar pola web: moverse en internet seguindo ligazóns, usar un buscador para localizar información e fotos na web, visita e uso de páxinas educativas.
6. Saber enviar e recibir correos electrónicos.
7. Incentivar o interese pola lectura e escritura, utilizando como soporte as novas tecnoloxías.
8. Empregar as TIC como reforzo da aprendizaxe na aula.

ACTIVIDADES DESENVOLVIDAS

1. Emprego de portátiles.
2. Búsqueda de información relacionada cos contidos do curso.
3. Creación dun blog viaxeiro “viaxandoencuarto” coa participación de todas as aulas de 4º nivel.

AVALIACIÓN

A avaliación foi positiva en xeral. A actividade máis significativa foi a creación do blog coa implicación de todos os grupos, que nos permitiu acadar os obxectivos propostos para o nivel e, ao mesmo tempo, profundizar no traballo en equipo, empregando as novas tecnoloxías e traballando outros aspectos do currículo como son a lectura e a expresión escrita.

Titor: Jesús Castro Villamor

1.- Circunstancias:

Un carro de portátiles compartido coa aula de Quinto E de Ramón Segade, Profesora de Relixión e Profesoras de Francés e Inglés, co seguinte horario semanal

	LUNS	MARTES	MÉRCORES	XOVES	VIENRES
1ª	4º ABD	5º E	5º E	Inglés 3ºE	Inglés 3ºA
2ª	5º A		5º E		
3ª	Francés3ºF	5º E		Inglés	
	RECREO				
4ª	5º A-B Relixión	5º A	5º A	5º E	5º E
5ª	5º A	5ºA	5º A	5º E	6º D Francés

2- Actividades:

a.- Os primeiros días foron dedicados ó coñecemento da ferramenta. Como a maioría dos alumnos xa viñan de aulas con portátiles, o seu manexo agora non representa grandes problemas en xeral.

b.- O punto de mira sempre foi integrar. Comezamos descargando actividades de “Clic” e Jclic de tódalas disciplinas e iamos integrándoas no currículo. Moitas foron elaboradas por nós e compartímolas desde o servidor dos Alumnos.

d.- Tamén intercalamos traballos en “PowerPoint”, “Hot Potatoes”, Cazas de Tesouros e actividades feitas para a pizarra dixital.

e.- A búsqueda e a utilización de páxinas web tamén se fixo con frecuencia: pegar contos en Word e modificalos, baixar gráficos e fotos para engadilos a traballos de redacción, buscar información sobre temas do currículo así como moitas actividades. Agora xa os cativ@s ven que Internet é algo “moi grande”, ademais dos xogos que tanto lles gustan, hai cantidade de información e actividades sumamente interesantes.

Empezo a pensar que agora van vendo como o ordenador é unha verdadeira **ferramenta de traballo**.

f.- Todos teñen unha conta de correo que utilizamos para comunicarnos entre eles e máis eu é tamén, en algún caso, coa familia.

g.- Os traballos que se foron facendo ao longo do curso téñenos gardados na súa conta. Ao final do ciclo pasarémolos a un Cd para cada un.

h.- Como conclusión quero dicir que en xeral estou bastante satisfeito do que se foi facendo, aínda que este curso atopámonos con dous “pequenos” atrancos: por un lado a falta de sinal que moitos días nos impediu utilizar Internet e por outro a mala calidade de visión da pizarra dixital. ¡¡ Que boa volvería ser con outro proxector !!!! (Teño esperanzas...)

PROXECTO PONTE DOS BROZOS MEMORIA CURSO 2008/2009

NIVEL EDUCATIVO: 1º Curso do 3º Ciclo de Educación Primaria (5º B)

TITORA: M^a Asunción Díaz Alvariño.

1. INTRODUCCIÓN

A sociedade da tecnoloxía da información e a comunicación na que estamos inmersos, implica que todo intento por ir cara unha nova idea de ensino que integre as TIC sexa positivo.

O emprego destes recursos no proceso de ensino-aprendizaxe favorece a renovación das metodoloxías, incrementa a motivación dos estudantes e facilita o logro de aprendizaxes máis significativas, acordes coa sociedade actual.

Por todo isto, a participación no Proxecto Ponte dos Brozos foi durante este curso moi positiva. Non obstante, espero seguir profundizando en Cursos posteriores no amplo abano de posibilidades que estas ferramentas nos proporcionan.

2. OBXECTIVOS

1. Obxectivos plantexados ao principio de curso.

- Integrar o uso das TIC na práctica docente diaria.
- Desenrolar novas estratexias de ensino e aprendizaxe.
- Elaborar materiais didácticos globalizados que acheguen aos alumnos/as á realidade que os rodea.
- Adquirir destrezas no uso das novas tecnoloxías na aula.
- Facilitar o desenvolvemento de estratexias de autoaprendizaxe.
- Proporcionar ferramentas para aprender a aprender.
- Fomentar entre os alumnos/as a cooperación e o intercambio de información.
- Mellorar a expresión oral a través de presentacións de traballos feitos por eles mesmos/as.

- Favorecer o desenvolvemento de capacidades para planificar, seleccionar, organizar, analizar e criticar a información contida na rede.

- Adaptarse ás diferentes necesidades educativas de cada alumno/a.
- Favorecer a integración da diversidade do alumnado.

2. Consecución dos obxectivos.

En xeral acadáronse todos os obxectivos excepto o de que presentasen oralmente os traballos feitos por eles mesmos. Este obxectivo queda pendente para o próximo curso.

Así mesmo tamén quero seguir traballando o obxectivo de elaborar materiais didácticos propios porque este curso, ao ser o primeiro ano neste Centro e no Proxecto, mais ben traballamos con materiais didácticos dispoñibles na rede ou os elaborados por compañeiros e compañeiras que levan máis anos traballando no Proxecto.

3. MEDIOS DISPOÑIBLES E UTILIZADOS

Os medios dos que dispuxemos este curso foron:

- Un carro de portátiles durante 4 sesións semanais.
- Unha pizarra dixital.

4. ACTIVIDADES

Algunhas das actividades realizadas durante este curso aparecen reflectidas no **blog** que fixemos de aula: www.oblogdeasun.blogspot.com. O blog é unha ferramenta moi valiosa sobre todo de comunicación cos alumnos/as e co mundo en xeral. Ofrece moitas posibilidades de uso no proceso educativo. Por exemplo, para estimular aos alumnos/as para: escribir, intercambiar ideas, deseñar, visualizar de maneira instantánea o que producen, etc. Como docente, utiliceino para achegarme aos alumnos/as dunha nova maneira, sen ter que limitarnos única e exclusivamente á aula. Tamén ofrece a posibilidade de mellorar os contidos académicos, enriquecéndoos con elementos multimedia como vídeos, animacións... Únicamente ten o problema de que non todos os alumnos/as teñen acceso a Internet nas súas casas. Por iso traballamos co blog tamén na aula, utilizando a pizarra dixital cando non dispoñiamos dos ordenadores portátiles.

- Realizamos traballos en power point.
- Navegamos por Internet para a busca de información, imaxes, vídeos... Neste aspecto é moi interesante ter a disposición a pizarra dixital xa que Internet é unha fonte inesgotable de información multimedia dispoñible de forma inmediata e para todos gracias á pizarra. Tamén nos permite optimizar o tempo xa que cando xurden preguntas non previstas pódense buscar respostas rapidamente.
- Aproveitamos actividades de Clic e Cazas de Tesouros, moitas delas elaboradas por profesorado deste Centro.
- Utilizamos o procesador de textos, tanto para realizar algún traballo orixinal como para aproveitar textos e información atopada en Internet.
- Traballo con noticias dos periódicos en edición dixital.
- Realización de actividades sacadas de recursos en liña, moitas delas introducidas a través do blog.

5. CONCLUSIÓN

Aínda que o balance da participación no Proxecto é moi positivo hai cousas nas que debemos mellorar:

- Disponibilidade para todas as aulas dos mesmos medios tecnolóxicos.
- Unha maior coordinación, reflexión e posta en común entre todo o profesorado implicado no Proxecto.

Persoalmente, acadar unha maior formación no uso das TIC .

MEMORIA DE ACTIVIDADES 2008-2009

Centro: CEIP Ponte dos Brozos, Arteixo

Nível educativo: 5º EP – Grupo C

Titora: Manuela Canosa Rabuñal

EQUIPAMENTO:

Carro de portátiles compartido

TEMPORALIZACIÓN:

4 sesións semanais: luns e venres

UTILIZACIÓN:

A utilización dos portátiles para o alumnado comezou en novembro.

OBXECTIVOS TIC

- Utilización do ordenador como unha ferramenta de traballo.
- Coñecer e traballar en Word, Power Point, Paint e outros programas.
- Buscar e seleccionar información e recursos na Internet
- Utilizar o correo electrónico como medio de comunicación
- Fomentar o traballo en grupo
- Elaborar o blog persoal

ACTIVIDADES

- Elaboración de material didáctico para o alumnado en diferentes soportes e programas: Webquest, Hot Potatoes, Power Point, utilizados como presentación ou avaliación de actividades.
- Utilización didáctica do Blog de aula
- Creación da Radio escolar

CONCLUSIÓN:

A avaliación do curso é positiva malia que non tivemos proxector, o que dificultou grandemente a exposición de proxectos por parte da mestra, que fixo á Fundación a oportuna solicitude xustificada por escrito sen recibir resposta algunha.

Asistencia a cursiño de actualización de Open Office Impress.

Os alumnos e alumnas realizaron básicamente as súas presentacións en soportes tradicionais, aínda que tamén utilizaron Power Point de xeito individual ou en pequeno grupo.

A utilización do Blog de aula e a Radio, foi motivadora para a expresión escrita e oral e participaron todos moi activamente.

Varios alumnos e alumnas (por grupos) crearon e manteñen o seu blog persoal.

MEMORIA PROXECTO PONTE DOS BROZOS

Curso 2008/2009

Educación Primaria

Ciclo: 3º

Curso: 5º D

Titora: M^a Jesús Abad Fernández

Como cada fin de curso, propónseme a redacción dunha Memoria no marco do Proxecto Ponte dos Brozos onde queden avaliados, pola miña banda, o grado de consecución de obxectivos para, o mesmo tempo, deseñar as necesidades derivadas deste documento coa finalidade de millorar no posible os aspectos que sexan necesarios.

Para expresar os resultados, nun primeiro paso, debería expoñer os obxectivos perseguidos para así avaliar a súa consecución; e, se imos máis atrás no proceso tería que explicar os medios que posuímos para achegarnos a eses obxectivos, xa expresados na Programación de comezo de curso.

Medios de que dispoñemos:

- Un carro de ordenadores portátiles, compartido con outras aulas do mesmo Ciclo e tamén por especialistas. Traballamos con eles 6 horas semanais (luns e martes no primeiro e segundo módulo; mércores no primeiro módulo e xoves no quinto módulo).

Cabe resaltar que, neste curso, salvados os primeiros escollos coa rede, traballaron con bastante normalidade.

- Unha pizarra dixital interactiva.

Obxectivos:

- Millorar a forma de expresión.
- Acadar un dominio progresivo da ortografía na produción de textos.
- Expresarnos co debido respecto e consideración cara os demais.
- Iniciarse no manexo e búsqueda de información a través da visita de páxinas educativas.
- Utilizar o correo electrónico como forma de contacto entre eles e entre eles e o profesor.
- Recoñecerse como parte da gran familia educativa mundial a través do contacto con compañeiros dos lugares máis diversos.

Actividades:

- Abrimos unha bitácora coa intención de que os nenos/as sexan capaces de buscar noticias interesantes, é dicir, procesar a información e o mesmo tempo nos sirva como recodatorio de feitos interesantes ou como lugar onde expor os seus traballos.

- Utilizamos moitas veces a Wikipedia, como enciclopedia de consulta, así como os dicionarios da Real Academia Española e Real Academia Galega.
- Utilizamos xogos educativos de diversas procedencias, tanto do servidor como doutros Centros.

Conclusións:

- A pizarra dixital foi o medio máis determinante para desenvolver o traballo.
- Plantexar un traballo en formato dixital é o máis motivante para os alumnos/as,
- Implicamos ás familias, aínda que todavía non todas teñen a tecnoloxía á súa man, buscaron os medios para ver os traballos dos seus fillos e foi unha forma de comunicación ca titora.
- Sen lugar a dúbidas os contenidos ampliados e expostos na Pizarra dixital quedaron moito máis afianzados.

Aspectos a millorar:

Aínda que polo exposto anteriormente parece que todo funcionou perfectamente eu coido que existen aspectos á millorar:

- O traballo sería moito máis agradable se se fixera en equipo. Boto de menos facer un traballo conxunto de nivel, ou mesmo de Ciclo, onde cada quen aportara o seu graniño de area.
- Sería importante plantexar os obxectivos a comezos do curso para que ponderamos ter unhas liñas a seguir parecidas, volvo a incidir no traballo conxunto.
- Abrir unha posibilidade de contacto con outros Centros a través do correo ou mesmo de videoconferencia, tentativa que xa se levou a cabo neste curso pero non saíu adiante.

Curso 2.008-2.009
Memoria de: Ramón Segade Vilela
Aula: QUINTO “E”

Os obxectivos tidos en conta foron os que pretendía conseguir o Proxecto Ponte dos Brozos para este Nivel educativo.

Para tentar acadalos, nesta aula fixemos diversidade de actividades. Eis algunhas:

. Clic: Traballos baixados de Internet e outros feitos por Mestres deste Centro para estudar tópicos de Matemáticas, Linguas e Coñecemento.

. JClic: Actividades propias sobre Linguas e Coñecemento do Medio.

. Hot potatoes: Usado principalmente para avaliar de calquera tema.

. Cazas de Tesouros: Temas transversais, Letras Galegas, Gótico...

. Internet: Busca de temas tratados en webs para escoller as mellores solucións e en Cazas de Tesouros, resumir, pareceres... As páxinas foron dadas para que o Alumnado non perdera moito tempo. Buscar imaxes, gráficos ou sons para ilustrar traballos...

. Procesador de textos: Utilizado para presentar ben os traballos e como medio para resumir un texto xa escrito en Internet.

. Power Point: Segue sendo unha boa opción para facer presentacións de temas diversos. Dá moito xogo. Resumir non resulta fácil.

. WebQuest: Useuse unha que deseñamos algúns Mestres co gallo das Letras Galegas, dedicadas a Ramón Piñeiro.

. Abrimos un novo blogue “[Futuros reporteiros](#)”. O seu poder didáctico e pedagóxico é evidente. Calquera Alumno/a ten acceso a el para escribir, opinar, debater... Só se prohiben as malas maneiras, que serían borradas de contado.

. Correo electrónico: Tódolos nenos e nenas de QUINTO “E” teñen unha conta para comunicarse entre eles e recibir mensaxes miñas e viceversa sobre calquera tema relacionado co currículo do presente curso.

Ao final de Ciclo levarán todos un CD no que aparecerán os traballos que fixeron, fotografías, programas libres de mercado...

O encerado dixital interactivo segue sendo unha ferramenta sen prezo para tódalas actividades pedagóxicas. Xa non sabemos que facer se nos falta.

Este modo de traballar non é doado pero, un ano máis, sigo dicindo que merece a pena camiñar deste xeito.

¡Todo sexa polos cativos e cativas!

1. Obxectivos traballados no presente curso:

- Repasar manexo elemental do portátil.
- Afianzar conceptos traballados (lectura, escritura, cálculo).
- Utilizar software educativo e páxinas web.
- Manexarse correctamente na pescuda de información na rede.

2. Horario de portátiles:

	LUNS	MARTES	MÉRCORES	XOVES	VENRES
1ª	5ºF				
2ª	5ºF				
3ª			5ªF		
			RECREO		
4ª			5ºF		
5ª					

3.- Actividades realizadas:

- Programa Celestia cunha sesión de explicación do funcionamento por parte dun técnico do PPdB.
- Descargas Clic dalgunhas actividades.
- Páxinas web empregadas : www.andresmanjon.blogspot.com, www.matesymas.es, www.aplicaciones.info, www.reglasdeortografia.com, www.indicedepaginas.com, etc
- Pescudas de informacións propostas na aula a través de Google e outros buscadores.

4.- Conclusións :

O emprego de portátiles constituiu unha ferramenta cómoda e moi útil para o desenvolvemento das clases: ampliamos información, buscamos datos na rede, utilizamos programas moi interesantes, afianzamos as destrezas (de cálculo, ortografía), aprendemos técnicas de estudo mediante páxinas web, blogs , etc. Os ordenadores constitúen un elemento que ilusiona ao alumnado e non fai falta moito traballo de motivación para converter en interesante unha clase de lingua ou matemáticas.

A conexión á rede fallou nunha media de tres ou catro ordenadores por sesión , nos últimos meses do curso, este problema minimizouse.

A nivel persoal, foi unha experiencia positiva ao permitirme aumentar e adquirir novos coñecementos en TIC .

MEMORIA DE ACTIVIDADES 2008/09

- **PROFESOR:** Javier Díaz López e Argimiro Rodríguez Torres
 - **NIVEL EDUCATIVO:** 6º de Educación Primaria.
 - **CURSO:** 2008/2009
-

1. INTRODUCCIÓN

Esta memoria unha reflexión que debe permitir, ós responsables do proxecto buscar acordos e compromisos que incidan nunha actuación posterior para acadar un mellor aproveitamento dos recursos.

O modelo que se propón, trata de dar a coñecer tres aspectos para a elaboración da memoria:

2. CONSECUCIÓN DE OBXECTIVOS

2.1. Obxectivos de competencia tecnolóxica

- Personalizar aspectos do sistema
- Usar un buscador
- Comprender a necesidade de facer copias de seguridade e facelas
- Identificar as vantaxes de traballar nunha rede local e usar ficheiros compartidos
- Buscar información en diferentes medios
- Engadir direccións a Favoritos
- Saber capturar e pegar textos e gráficos
- Editar documentos empregando texto, gráficos e sons
- Elaborar unha presentación multimedia ou páxina web de xeito complexo
- Utilizar Mecawin como programa de adestramento mecanográfico

2.2. Obxectivos

- Utilizar os ordenadores portátiles e o encerado dixital, nas clases que dispoñan del, como ferramentas no traballo da aula.
- Utilizar software comercial como complemento e axuda ás actividades escolares integrada no currículo.
- Empregar ferramentas de autor (clic, neobook, hot potatoes, ardora) ademais de presentacións en PowerPoint.
- Utilizar internet como fonte de información reforzando o carácter selectivo de ditas búsquedas. E tamén como fonte de recursos educativos (programas, traballos...)
- Usar o correo electrónico como medio de comunicación (familias, profesores, alumnos, centros...).
- Empregar medios informáticos en tarefas de avaliación
- Potenciar a utilización da páxina web do colexio por toda a comunidade educativa

NIVEL 6º D e 6º E

Utilizouse un carro de portátiles compartido coas aulas de 5º F, 6º D e as profesoras especialistas de lingua inglesa, co seguinte horario semanal:

	Luns	Martes	Mércores	Xoves	Venres
1ª	5º F	INGLÉS	INGLÉS	6º D	6º E
2ª	5º F	INGLÉS	INGLÉS	6º D	6º E
3ª		5º D	5º F		
4ª	6º E	6º D	5º F	6º E	INGLÉS
5ª	6º E	6º D		6º E	INGLÉS

O emprego de ordenadores portátiles dentro da aula supón utilizar unha metodoloxía diferente e unha organización distinta da clase.

Plantexouse dende un principio como un traballo coa información e non tanto coa transmisión e a repetición.

Esto implicou:

- Un fomento do traballo de grupo e da aprendizaxe cooperativa do alumnado.
- A organización do traballo polo propio alumno.

- Actividades diferentes para nenos diferentes e conseguir a súa implicación na súa propia aprendizaxe.

Os obxectivos propostos no Proxecto “Ponte dos Brozos” para o terceiro ciclo de Educación Primaria reflíctense nas aulas de 6º D e 6º E do seguinte xeito:

- a. Explicóuselle ao alumnado a necesidade dun uso responsable dos ordenadores portátiles e a necesidade de protexer a información de posibles malos usos, tanto individual como colectivamente.

Co recurso do encerado dixital interactivo Smart Board explicouse, de maneira práctica, o manexo do ordenador portátil e dos distintos programas que se empezaban a traballar.

Destacar neste punto que non houbo unha especial dificultade no uso desta ferramenta a pesares de partir de distintos niveis de destreza.

As distintas actividades foron introducíndose gradualmente e en orden crecente de dificultade, poñendo en práctica unicamente aplicacións con certas garantías de efectividade.

Atención preferente ao aprendizaxe cooperativo.

- b. Case todo o alumnado tiña nocións previas e as características do portátil non representaron un serio problema.

- **Internet:** Sendo a educación unha forma especial de comunicación, o acceso rápido a unha información global ou específica das distintas áreas de coñecemento, posibilitou complementar os contidos curriculares nas áreas de Linguas, Matemáticas, Coñecemento do Medio e Educación Plástica.

Foi necesario facilitar e dar pautas para a busca xa que o uso da rede puxo ó alcance dos alumnos moita información, moi actualizada e con unha presentación atractiva pero que ocasiona perdas de tempo polo sobredimensionada que está.

O punto de mira sempre foi **integrar**.

- Comezouse descargando actividades de Clic de todas as disciplinas integrándoas no currículo. Algunhas foron elaboradas no centro.
- Manexo de páxinas web como busca de información sobre temas concretos. A enciclopedia [Wikipedia](#) foi moi consultada.
- Pegar contos en Word e modificalos, baixar gráficos e fotos para engadilos a traballos de redacción, ...
- Correo electrónico: Creouse una dirección e-mail para todos os alumnos que proporcionou máis posibilidades de comunicación entre os mestres, os alumnos e as súas familias. Por medio deste servicio intercambiaron traballos co titor para ser corrixidos e familiarizarse con este medio.
- Manexo dos dicionarios da [Real Academia Galega](#) e da [Real Academia Española](#).

- c. **Experiencias con Word:** Creación e modificación de textos con inclusión de gráficos. Aspectos ortográficos. Actividades de Técnicas de Estudo.

PowerPoint: Presentación neste formato, entre outras, das actividades realizadas coas Cazas de Tesouros.

Caza de Tesouros: Realización neste formato das actividades: “Caza Letras Galegas 2009”, “Caza Alimento” “Caza Samaín”

Blog: Mantemento do blog <http://nosoblog.blogspot.com> no que os alumnos expresan e comunican inxedanzas, experiencias, contos, noticias. Creouse un club de lectura moi interesante.

- d. Materiais con actividades para emprego do alumnado:
Word: Actividades de Técnicas de Estudo.
Hot Potatoes: Actividades do currículo.
Caza de tesouros: Actividades arriba citadas.
- e. Tódolos traballos que realizaron están gardados no seu disco da rede do centro. Neste curso pasaranse a CD e poderán levalos ás súas casas (Portfolio).

3. ANÁLISE DAS DIFICULTADES E POSIBLES CAUSAS.

- a. Esfuerzo individual para dar resposta a un proxecto de gran potencialidade, no que se participa voluntariamente.
- b. Tempo fóra do horario lectivo, para a preparación de traballos de utilización das TIC co alumnado.
- c. Abondosos contidos de aprendizaxe curriculares que, coa utilización das TIC e a organización temporal lectiva que é precisa para a súa posta en práctica, resultan difíciles de tratar.
- d. Respecto ó alumnado considerar que algúns alumnos practican o ensaio e erro. Queren ser os primeiros en rematar (¿uso de xogos informáticos?). Aqueles problemas que precisan certa dedicación para a súa resolución queren encomendarllos ao ordenador.
Como posibles causas das dificultades expresadas, sinalase:
- a. Contados momentos de reflexión en común, por parte de todo o profesorado que conforma o proxecto, para unha visión e unha consecución de obxectivos conxunta do mesmo.
- b. Pequena distribución de tarefas para levar a cabo propostas grupais sobre a realización de materiais para o tratamento da información.

4. SUXERENCIAS E MEDIDAS.

Co obxecto de adoptar medidas en orde á mellora e progreso do Proxecto “Ponte dos Brozos” para o curso 2009-2010 suxírense:

- a. Posibles accións que deberían seguir os mestres para afondar nas tres finalidades sinaladas para o terceiro ciclo de Educación Primaria:
 - Desenvolver habilidades para que o alumnado aprenda, de forma paulatina, a analizar a información.
 - Promover destrezas que permitan ó alumnado presentar e expresar a información coidando, de acordo a súa idade, a corrección oral e escrita.
- b. Mantemento de persoal de apoio para resolver dúbidas de aplicación de programas ou dar solución a problemas de elaboración de materiais.
- c. Posta en común de criterios para o tratamento da información en cada ciclo de Educación Primaria.
- d. Mostra de boas prácticas sobre a utilización das TIC no tratamento da información.
- e. Decisións adoptadas para:
 - Manter o nivel de información con respecto a marcha do proxecto: obxectivos, cursos, reunións, incidencias, formas de transmitir información entre os participantes do proxecto, mellor uso da plataforma...
 - Secuenciar as competencias básicas do alumnado en cada ciclo, a partir dunha avaliación inicial.
 - Promover accións para crear unha comunidade de aprendizaxe.

1º Ciclo de Primaria

- Uso do blog de aula proxectado na whiteboard como banco de recursos: exercicios interactivos on line, xogos, e-books, páxinas web...
- Aprendizaxe do manexo do blog de aula [Think in English](#) na pantalla interactiva.
- Exposición pública por parte dos alumnos de materiais na pantalla dixital para practicar a destreza de “speaking”
- Uso do material dixital interactivo de Oxford para pantallas dixitais.
- Uso dos DVD e CD ROM interactivos "Muzzy in Gondoland" da BBC.
- Búsquedas na web e proxección online de trailers de películas, debuxos animados ou cancións cos temas relacionados que estábamos a traballar.
- Iniciación de click, double click, match, drag & drop, roll up & down, open & close windows, etc... por medio da pantalla Smart.

*Todos estes ítems non foron levados a cabo na mesma medida en todas as aulas xa que non todas as profesoras dispoñen de aula e pizarra interactiva.

2º Ciclo de Primaria

- Normas de uso e coidado do portátil.
- Acender e apagar.
- Pechar e iniciar sesión
- Contraseñal e nome de usuario. Importancia e memorización.
- Uso do touchpad.
- Abrir e pechar aplicacións.
- Maximizar e minimizar.
- Abrir nunha nova pestana.
- Ir o meu P.C.: servidor de alumnos, Infoteca e as diferentes carpetas. Abrir e traballar nas carpetas de inglés.
- Acceder ós CD's virtuais instalados nos seu portátiles.
- Coñecer un buscador e facelo páxina de inicio. Este curso por problemas coa rede tiveron que descargar o Mozilla Firefox e Google Chrome e están a aprender o seu manexo.
- Traballar con páxinas web e materiais previamente colgadas na Infoteca.
- Gardar as páxinas web que imos traballar en favoritos/marcadores
- Crear unha carpeta de Inglés en favoritos/marcadores.
- Acceder a favoritos/marcadores.
- Crear unha carpeta de Inglés na carpeta docencia
- Nomear a carpeta, renomeala ou eliminala.
- Buscar, seleccionar, e analizar información en internet con un propósito determinado.
- Elaborar presentacións multimedia con PowerPoint e con aplicacións da web 2.0.
- Buscar información, insertar imaxes e sonidos, engadir efectos. Facer as súas presentacións, gardalas correctamente e localizalas.
- Uso de memorias USB, i-pods, mp4 para gardar traballos .
- Creación de contas de correo electrónico.
- Uso do correo como ferramenta de traballo: enviar arquivos adxuntos ou envían os seus traballos dixitais para correxilos.

- Aprender en inglés vocabulario básico informático e de Internet.

* Salientar a creación dun novo blog [Having fun with English](#) por parte dunha das compañeiras do departamento.

3º CICLO DE PRIMARIA

- Uso do correo electrónico como vía de comunicación entre profesorado-alumnado ou entre o propio alumnado. Por medio do e-mail enviaron os seus traballos, dúbidas, saúdos, felicitacións, etc...
- Aprendizaxe de ferramentas de Google como Blogger, Google Docs e iniciación en 6º de Google Reader e presentación dos álbumes web de Picasa.
- Realización por parte de alumnado de 6º de pequenos video clips coa cámara web mercada polo departamento.
- Presentacións na pantalla dixital por parte de alumnado de 6º nivel de varias ferramentas da web 2.0
- Colaboración do alumnado “máis experto” nos recreos para axudar a algún compañeiro máis rezagado. Podían contar para isto co ordenador da profesora.
- Realización de capturas de pantalla co teclado e o programa Photo Paint
- O alumnado de 5º e 6º creou varias presentacións en PowerPoint e videos co Movie Maker.
- O alumnos e alumnas de 5ºE crearon os seus blogs personais en Inglés nos que publicaron os seus traballos dixitais. Enlazados en [Little Bloggers](#)
- O alumnado de 6ºE e 6ºC continuou a publicar nos seus blogs en inglés creados o pasado curso escolar. Enlazados en [Little Bloggers](#)
- Os blogs de aula [Think in English](#) e [Having fun with English](#) serviron en todo momento como fonte de recursos na aula e na casa e foi unha vía de comunicación entre a aula e a familias.

DIFICULTADES ATOPADAS

- Contamos con só dúas aulas de idioma polo que parte do profesorado de inglés non puido facer uso dos recursos tecnolóxicos que ofrecen estas aulas.
- Non houbo conexión wifi durante todo o primeiro trimestre e parte do segundo na aula de inglés do pavillón II do segundo andar polo que foi imposible que o alumnado traballase en Internet e nos seus blogs.
- Algún carro de portátiles é moi antigo e os portátiles non respondían en moitas ocasións.
- O alumnado con blogs precisaría de 2 horas de portátiles se pretendemos que os actualicen. É imposible que fagan algo mínimamente creativo cunha única sesión semanal.
- Precisaríamos que os portátiles do alumnado teñan actualizados os plugins de: Macromedia flash player, Adobe flash player, Adobe shockwave player, Javascript... E moi difícil que nenos de tan curta idade sexan capaces de entrar como administradores e descargar as actualizacións. Pérdese moito tempo da clase de Inglés.

Seríanos de gran utilidade un ou dous portátiles nas aulas de idioma, a modo de rincón de ordenadores, para empregalos con nenos e nenas de necesidades educativas especiais ou con aqueles que veñen doutros países que nunca impartiron clases de Inglés.

MEMORIA DO DEPARTAMENTO DE FRANCES CON REFERENCIA AS TICS.

CURSO 2008/9..

Na aula de francés temos un ordenador de sobremesa. Os nenos e as nenas do primeiro ciclo teñen dúas horas semanais, adicada unha delas ó uso das tics de forma explícita.

Os nenos e as nenas do segundo e terceiro ciclo ten tres sesións á semana de francés, utilizando unha sesión para o uso dos portátiles, cun traballo individualizado, e nas outras sesións facemos uso do ordenador de mesa como lugar de mini-proxeccións (xa que a pantalla é pequeniña), en sesión xeral para ver, ou escoitar, entre outras cousas:

- Mini-documentais: Visionado de temas da vida e a cultura francesa ou en francés, relacionados co curriculum, como por exemplo os volcáns, ou os pintores franceses, a vida, a gastronomía... ou da vida diaria, como as eleccións francesas ou europeas.
- Películas , destacando “ Muzzy”
- Xogos
- “Karaoke” ou cancións en francés.
- Búsqueda de informacióna

PRIMEIRO CICLO.

O grupo de primeiro curso ten catro alumnos, e o de segundo, cinco, co cal, fixemos un rincón de ordenadores, e intentei distribuír o tempo, unha sesión semanal preferentemente con uso das Tic e outra con outros tipos de traballos, aínda que utilicei bastante máis o ordenador do previsto inicialmente.

Obxectivos que creo acadaron tódolos nenos de segundo, e os de primeiro están en proceso de facelo:

- Distinguir os elementos básicos do computador: pantalla, teclado, rato e o seu uso, e coñecer os seus nomes en frances: écran, clavier, souris..
- Utilizar as funcións básicas e imprescindibles dos sistemas operativos: manexo de fiestras (minimizar, maximizar), abrir programas, apagar o computador, etc...
- Manexar aplicacións educativas relacionados cos obxectivos do currículo do Ciclo, especialmente a través das películas, coma por exemplo Muzzy,
- Iniciarse na produción de textos sinxelos: fixeron pequenos traballos, como tarxetas para o día da nai, debuxos
- Elaborar traballos manuais a partir de materiais elaborados pola profesora, e tamén os atopados nalgunha páxina.
- Iniciarse no desenrolo das competencias básicas imprescindibles nun novo idioma, que son: escoitar, comprender, falar e escribir, a través de moitas páxinas, entre elas:

Para cancións e karaokes, especialmente no tempo de Nadal:

<http://www.csdrameurs.qc.ca/musique/noel/calendrier2007d.html>

Para actividades de Navidad, Carnaval, Día do Pai, Día da Nai, debuxos, Día dos Dereitos do Neno....

www.teteamodeler.com

Para aprendizaxe de francés:

<http://www.edu365.cat/primaria/muds/frances/index.htm#>

Para iniciación ó francés:

http://www.bbc.co.uk/schools/primaryfrench/index_html.shtml

Para palabras cruzadas:

<http://www.motmelimelo.net/maternelle/>

SEGUNDO CICLO DE PRIMARIA

No segundo ciclo de primaria os nenos iniciáronse no uso de portátiles. Os nenos de terceiro aprenderon todo o proceso de iniciación e coidado dos mesmos:

- Normas de uso e coidado do portátil.
- Acender e apagar.
- Pechar e iniciar sesión
- Contraseña e nome de usuario. Importancia e memorización.
- Coñecemento e manexo do uso do teclado e do ratón.
- Abrir e pechar aplicacións.
- Maximizar e minimizar.
- Reforzamos os coñecementos aprendidos no primeiro ciclo, continuando co desenvolvemento das competencias básicas imprescindibles nun novo idioma, que son: escoitar, comprender, falar e escribir, a través de moitas páxinas, entre elas: Para actividades de Navidad, Carnaval, Día do Pai, Día da Nai, debuxos....

www.teteamodeler.com

Para aprendizaxe de francés:

<http://www.edu365.cat/primaria/muds/frances/index.htm#>

Para iniciación ó francés:

http://www.bbc.co.uk/schools/primaryfrench/index_html.shtml

Para palabras cruzadas:

<http://www.motmelimelo.net/>

- Coñecer aspectos básicos dos sistemas operativos
- Utilizar varios programas educativos relacionados cos obxectivos do currículo do Segundo Ciclo de Primaria., en concreto, o CD-Rom de “ Alex et Zoe 1”
- Visionar algunha película, como por exemplo a segunda parte de Muzzy
- Utilizar as funcións máis importantes dun procesador de textos que permitirán a creación de documentos: gardar/abrir, manexo do teclado para escribir textos e outros caracteres de uso corrente: puntos, interrogación, paréntese..., imprimir, incluír imaxes no texto, edición do texto: cambios en estilos, cortar e pegar texto e imaxes.
- Recoñecer a importancia do uso do intranet no centro, e usalo para as distintas actividades propostas
- Aprender a navegar pola web, a partir principalmente do blog de referencia da aula de francés, www.brozosenfrances.blogspot.com,
- Utilizar diversos programas, entre eles:

Para cancións e karaokes:

<http://www.csdraveurs.qc.ca/musique/karaokes.htm>

Para aprender vocabulario:

www.lexiquefle.net

Para iniciarse no aprendizaxe de francés:

<http://www.education.vic.gov.au/languageonline/french/french.htm>

Para recordar o aprendido:

<http://www.edu365.cat/primaria/muds/frances/paraules/index.html>

Para dossiers:

<http://www.momes.net>

www.teteamodeler.com

OBXECTIVOS TERCEIRO CICLO DE PRIMARIA

O traballo coas novas tecnoloxías favorece que cada alumno leve o seu propio ritmo de traballo. Eso quere dicir que na aula, especialmente a de sexto, os alumnos estaban traballando distintos aspectos da lingua e a cultura francesa, a distintos niveis e o mesmo tempo.

O traballo con portátiles reducíase a unha hora á semana, pero as veces utilizamos o ordenador de aula como “mini-pantalla” para reflexar especialmente aspectos das dos temas, con videos ou CD adecuados ó tema, por exemplo cando falamos dos pintores Gauguin et Monet, ou os volcáns, as BD, Jules Verne, ... e distintas conmemoracións, como o Día de Europa, as eleccións francesas, as europeas...

Penso que de todos os obxectivos propostos, os acadados polos alumnos de sexto son os seguintes:

- Recoñecer os aspectos básicos dos sistemas operativos que dean ao alumnado autonomía
- Utilizar programas de software educativos relacionados co currículo de Terceiro Ciclo de Primaria que apoiem e reforcen os obxectivos de aprendizaxe propostos, traballando coas tics de xeito individualizado, según o nivel de cada un. En concreto, traballamos co Cd-rom comercial “ Mikado2”, de Oxford, e “ Galaxie 1 e 2” da editorial Santillana.
- Empregar as funcións dun procesador de textos: editar documentos, pegar gráficos... Principalmente traballamos con documentos word.
- Canalizar a busca para a selección e o uso de información para o seu tratamento na web. Os seus preferidos, www.wikipedia.fr.
- Crear producións artísticas mediante o uso de programas adecuados.
- Realizar Cazas de Tesouros
- Identificar as vantaxes de traballar nunca rede local e usar arquivos compartidos
- Elaborar presentacións multimedia: especialmente traballamos as presentacións pps.
- Utilizar as ferramentas do Intranet do centro.
- Utilizar o blog de referencia da aula de francés, www.brozosenfrances.blogspot.com.
- Utilizar un diccionario on line
- Utilizar un traductor on line

Utilizáronse algunhas das páxinas usadas no primeiro e segundo ciclo, como reforzo de coñecementos:

Ademáis, outras; entre elas:

Para reforzar o coñecemento do francés:

<http://acacia.pntic.mec.es/agip0002/frances/inicio.html>

Para o reforzo educativo:

<http://www.education.vic.gov.au/languagesonline/french/french.htm>

Para practicar a lingua:

<http://www.cle-inter.com/sites-compagnons/echo.html>

Diccionarios:

http://www.lexilogos.com/frances_lengua_diccionario.htm

Estudio progresivo da lingua: Franaventura

<http://ares.cnice.mec.es/frances/animaciones/index.html>

Francofonía:

http://www.tv5.org/TV5Francophonie/fs_index.htm

Gramática:

<http://www.parcours.qc.ca/grammaire/>

Para practicar os tempos verbais:

<http://www.leconjugueur.com/>

Matemáticas en francés:

<http://championmath.free.fr/>

Para todo o relacionado con Europa:

http://europa.eu/abc/symbols/9-may/euday_es.htm

E moitas máis, dependendo dos temas a tratar.

CONCLUSION E VALORACION

O meu traballo, neste curso, con respecto as Tics consistiu principalmente en facer cursiños , e iniciar o proceso de poñelos en práctica, así como:

- Elaboración de materiais
- Búsqueda, modificación e adaptación de materiais xa existentes
- Selección e clasificación de recursos e actividades, por cursos, niveis de dificultade, temáticas... A salientar o material atopado en:
- www.lepointdufle.net.
- E en tódalas páxinas de Carmen Vera.
- Elaboración e mantemento dun blog do curso de francés

Valoración moi positiva :

- do traballo dos alumnos, a súa motivación e os seus desexos de aprender.
- do uso do ordenador de mesa, especialmente para as actividades en común, aínda que a pantalla é un pouco pequena.
- Da naturalidade coa que os alumnos perciben a presenza das tics no desenvolvemento normal da clase, e a integración do mundo das tics na propia vida, deixando de ser un recuncho ou unha asignatura para pasar a formar parte dun todo

Os aspectos a mellorar serían:

- Profundizar na miña formación e na formación dos alumnos e alumnas nas tics.
- Intentar unha maior participación dos alumnos/as no blog;
- Elaborar tanto por parte dos alumnos coma pola miña parte, de máis materiais,
- Ser capaces de adaptar o traballo ó tempo: sempre nos facía falta máis tempo para acabar os traballos previstos.
- E, especialmente os de sexto, que ademais de atopar a información na rede, sepan seleccionar o adecuado.

Arteixo 8 de Xuño de 2009.

Elena N. Gómez Alvarez

MEMORIA Ponte dos Brozos PT/AL

Dos OBXECTIVOS propostos no PLAN XERAL de CENTRO para PEDAGOXÍA TARÉUTICA as mestras de PT consideramos en función do traballo que desenvolvimos este ano, con respecto a:

- Utilizar o ordenador como medio para traballar os contidos curriculares: *Debido a que a metodoloxía dominante é o libro de texto e outros materiais impresos, nós como especialistas intentamos combinalo con algún que outro programa informático que reforce/complemente os contidos curriculares..., por exemplo a nivel matemáticos nos apoiamos no “caderno de mates”, “sebran”, “jclíc”...*
- Empregar formatos distintos para a aprendizaxe da lectura e escritura, así coma doutras áreas:
 1. internet
 2. procesador de texto
 3. correo electrónico
 4. programas educativos
 5. etc

Para a aprendizaxe da lectura e escritura, algunha das PT si o puido facer, pero outras por falta de horas de apoio dentro da súa propia aula, non o fixo, aínda que o cumpriu dentro da aula ordinaria en EI e 1º ciclo de EP.

- Buscar información relacionada co traballo da aula para ampliar os coñecementos: *A nivel persoal si que o fixemos, pero que o propio neno ou nena buscase información para ampliar os seus coñecementos na propia aula de PT non o puidemos facer de forma xeralizada, xa que tiñamos en xeral moi poucas horas de apoio dentro dela, e a maiores implicaba un traballo previo dentro da aula en canto a maneira de como facelo que non tivemos oportunidade de levalo a cabo. Excepcionalmente os grupos de lectoescritura nalgunha actividade puntual “taller de contos”, os alumnos buscaron información por internet sobre os autores dos contos traballados.*
- Aproveitar as vantaxes da rede Internet para adquirir imaxes e programas que axuden a complementar o traballo da aula: *O longo de curso si que todas baixamos material que circula pola rede para complementar o noso traballo na aula tendo en conta a necesidade do momento, como por exemplo a “oca matemática”, “silabario”, “programas de lectoescritura”, páxinas web educativas “www.orientacionandujar.wordpress”, blogs “http://recursosedu.blogspot.com”*
- Motivar ao alumnado cara a aprendizaxe escolar a través do uso das novas tecnoloxías: *Na medida que utilizamos as novas tecnoloxías cos nenos garantimos unha motivación extra cara a aprendizaxe.*
- Diseñar fichas, cadernos de traballo e programas beneficiosos para o proceso de ensino/aprendizaxe: *Este obxectivo si se acadou plenamente xa que todas dada a nosa especialidade temos que elaborar moito material ou adaptalo ás necesidades educativas do neno ou nena co que estamos a traballar.*
- Introducir aos alumnos no manexo das novas tecnoloxías como ferramenta de traballo: *Máis que como ferramenta de traballo, utilizouse como un medio para favorecer, potenciar a aprendizaxe, vendo o ordenador como algo lúdico que complementa o libro de texto e o seu traballo.*

VALORACIÓN FINAL:

Para un bo uso das novas tecnoloxías por parte das especialistas, debido a que o apoio levouse a cabo nas Aulas Ordinarias (AO) maioritariamente, é fundamental unha boa coordinación co profesor titor, cousa que este ano acadamos plenamente.

En relación o uso das TICs para a nosa formación profesional, programación de actividades de aula, búsqueda de material.... resultou moi satisfactorio poder ter a nosa disposición tantos recursos, tales como ordenadores portátiles, PDI, cursos de formación, asistencia a congresos e xornadas...

Audición e linguaxe.

Relación de obxectivos acadados ó longo do curso 09

Obxectivos de competencia tecnolóxica :

- Usar o rato para sinalar e facer clic (alumnos de novo ingreso nas nosas aulas)
- Iniciar/pechar o ordenador
- Imprimir desde o icono de impresión
- Usar os compoñentes básicos do entorno gráfico do ordenador
- Abrir e cerrar aplicacións
- Iniciar un documento novo
- Gardar e recuperar documentos con axuda
- Acceder á información contida nun CD,
- Crear, acceder e editar frases cun procesador de textos
- Imprimir documentos
- Adquirir destrezas para gardar a información empregando procesadores de textos sinxelos.
- Buscar en Google as páxinas Web que lle solicitamos que buscasen, aos escolares de máis idade
- Buscar en Internet páxinas que lles gustan, exemplo. Minijuegos.com, algúns nenos

Obxectivos:

- Favorecer a integración e a auto estima dos nenos de NEAE
- Fomentar a autonomía
- Estimular a comunicación escrita e oral a través de:
 - Ferramentas de textos (word, corrector, open-office...)
 - Mecanet (para mellorar o manexo do teclado)

- Elaboración de frases, textos pequenos e contos (imaxina e crea con Pipo, aprende a leer con Pipo, vamos a Jugar con las palabras, sílabas, sonidos y letras).
- Ferramenta multimedia sensorial (HMS): traballa a estimulación sensiomotriz.
- Estimulación da fala mediante o uso a través de internet de sistemas alternativos de comunicación (SAAC)
- Tratamiento de la Voz, editorial CEPE
- Lotofón,loto fonético da editorial AQUARI
- Actividades en Clic sobre este tema.
- Uso da aplicación velocidade lectora situada na páxina Web do colexio, elaborada por profesores do centro.
- Uso da aplicación respiración, xogos, letras, elaborada por profesores do centro.
- Elaboración por los alumnos de fichas para dislexia en presentaciones PowerPoint
- Mellorar a coordinación motora (paint, tuxpaint, tuxtype)
- Traballar:
 - Nocións espaciais (tangram, juego junior en Internet)
 - Temporais (juegomat, adibú)
- Reforzar a adquisición de conceptos dun xeito variado e ameno para evitar a fatiga.
- Potenciar a autonomía no traballo, desenvolvendo a capacidade de búsqueda de información.
- Traballar a discriminación auditiva e visual (programas de gravación)

Valoración Final:

Para un bo uso das novas tecnoloxías por parte das especialistas, é fundamental seguir contando con un ordenador dentro da aula con conexión a internet para a nosa práctica diaria. De tal xeito que é un medio máis dentro da aula, deixando de ser xa unha nova tecnoloxía.

En relación o uso das TICs para a nosa formación profesional, programación de actividades de aula, búsqueda de material.... resultou moi satisfactorio poder ter a nosa disposición estes recursos, tales como ordenadores portátiles, PDI, cursos de formación, asistencia a congresos e xornadas...

MEMORIA DO PROXECTO PONTE DOS BROZOS

Educación física 1º ciclo

Durante o curso escolar 2008/09 participei no proxecto, a miña participación foi irregular, xa que ao impartir educación física no 1º e 2º nivel do 1º ciclo de educación primaria non utilicei a informática co meu alumnado.

Só nunca actividade de danza utilicei o portátil para poñer música posto que o formato era MP3 e non mo recoñecía o equipo que temos no gimnasio.

Ao longo do curso formei parte dun grupo de traballo sobre Redes Sociais pero por estar formando parte de outro grupo sobre a biblioteca escolar, so asistín ao primeiro como ointe.

Arteixo, 5 de xuño de 2009

Silvia López Roibal

Educación Física – Terceiro ciclo

Polas características da materia, a distribución de espazos, con grandes distancias de desplazamento, o horario de clases, a disponibilidade do material TIC e o uso que ó mesmo se lle pode dar nestas circunstancias; a utilización deste material foi como apoio para a exposición e traballo dos rapaces nas clases de teoría. Unha por trimestre para cada un dos dez grupos do terceiro ciclo, para o desenvolvemento dos contidos das normas de cada un dos deportes que se traballan ó longo do curso.

Gracias ás TIC a parte teórica da asignatura resulta moito máis atractiva e interesante para os alumnos.

Programas utilizados:

Powerpoint

Clic

MEMORIA DO DEPARTAMENTO DE RELIXIÓN CATÓLICA

Educación Infantil

Durante este curso académico 2008-09, utilizamos o P.C nesta etapa, como complemento das nosas clases, para conseguir os obxectivos expostos. Estes foron os seguintes:

- 1- Iniciar, practicar e afianzar as normas elementais para a posta en marcha do computador: acender, dominar o rato, apagar...
- 2- Reforzar as normas básicas de compañeirismo e de relación cos seus iguais respecto ao uso do computador: respectar as quendas e os tempos de execución, debido ás diferenzas individuais existentes entre eles?
- 3- Manexar e coordinar as habilidades de manipulación fina imprescindibles para o seu uso.

As actividades realizadas centrábanse en :

A utilización de diversos software educativos como Biblia interactiva, relatos relixiosos narrados, diversos xogos para potenciar a aprendizaxe, audición de cancións, visualización de películas sobre valores.

Destacar en canto á avaliación que os resultados obtidos foron moi positivos, xa que para os nosos alumnos/as foi un recurso divertido e motivador, no que participaban totalmente con moito interese.

O noso traballo foi maior en 3 e 4 anos, xa que os alumnos apenas tiñan coñecementos no manexo do computador, sendo máis dirixidos e controlados.

Educación Primaria

No primeiro ciclo de Primaria, o uso das Tics na materia de Relixión, non foi tan frecuente como nas clases dos titores, dado que cada clase só dispuña dunha sesión (1º) ou de dúas sesións (2º) polo que o meu tempo era máis limitado.

Os obxectivos planificados para estes niveis foron os seguintes:

- 1- Reforzar as normas básicas de compañeirismo e de relación cos seus iguais respecto ao uso do computador como, respectar as quendas e os tempos de execución debido ás diferenzas individuais existentes entre eles?
- 2- Potenciar as capacidades cognitivas dos alumnos/as a través do manexo do P.C.
- 3- Conseguir mellorar a confianza e autoestima das súas capacidades.
- 4- Manter a atención e adquirir os contidos básicos da materia de Relixión impartidos no aula coas novas tecnoloxías.

Estes obxectivos foron conseguidos mediante a realización destas actividades:

Páxinas webs : www.primeraescola.com

Software educativos comerciais.

Como resultado dicir que estou moi satisfeito dos resultados obtidos, xa que a actitude destes de face ao P.C foi totalmente participativa e de cooperación respecto ao resto da clase, aumentando o seu interese por abarcar máis contidos e aprender máis.

2º Ciclo de Primaria

- Normas de uso e coidado do portátil.
- Acender e apagar.
- Pechar e iniciar sesión
- Contraseña e nome de usuario. Importancia e memorización..
- Maximizar e minimizar.
- Ir o meu P.C.: servidor de alumnos, Infoteca e as diferentes carpetas. Abrir e traballar nas carpetas de relixión
- Acceder ós cd's virtuais instalados nos seus portátiles.
- Traballar con páxinas web previamente colgadas na Infoteca.
- Gardar as páxinas web que imos traballar en favoritos.
- Acceder a favoritos.
- Crear unha carpeta de Relixión na carpeta *docencia*
- Nomear a carpeta, renomeala ou eliminala
- Traballar en Powerpoint: Buscar información, insertar imaxes e sonidos, engadir efectos. Facer as súas presentacións, gardalas correctamente e localizalas.
- Escribir frases sinxelas con Word
- Gardar esas frases nas carpetas e tamén imaxes.
- No 2º nivel do 2º ciclo, o traballo que están a facer en power point son os: *sacramentos*

3º Ciclo de Primaria

- Crear carpetas, subcarpetas, nomealas.
- Gardar e recuperar documentos.
- Eliminar documentos.
- Facer accesos directos.
- Organizar iconos
- Escribir correctamente unha dirección web na barra de direccións
- Buscar información en Google de Relixión
- Organizar favoritos.
- Utilización dun diccionario

- Pegar textos , modificalos.
- Gardar e inserir imaxes
- Modificar documentos.
- Ampliación do procesador de textos Word : para utilización de táboas , tarxetas,pequenos textos.
- Continuación e ampliación do uso de Powerpoint. Facer as súas presentacións.
- En canto o 3º ciclo, comentar que, no 1º nivel (5º) o traballo que están a facer en power point é : “*Algunas parábolas de Jesús*”
- E no 2º nivel do 3º ciclo, o traballo elixido entre varios por eles mesmos e “*valores humanos y cristianos*”
- Foi moi gratificante para eles e para mín poder realizalos, incluso con certas dificultades.

Creación de materiais do profesorado

- Exercicios con clic, Word, Ardora.
- Presentacións en Powerpoint sobre distintos contidos.
- Modificación e adaptación de materiais xa existentes en clic, power point...
- Selección e clasificación de recursos e actividades colgadas na carpeta de Relixión da Infoteca (que para o noso Departamento é un banco de recursos) co obxecto de que o alumnado faga uso deles.

CONCLUSIÓN

Gracias ós portátiles, a asignatura resulta moito máis atractiva e interesante para os alumnos.

Aportounos moito o percibir a satisfacción dos nosos alumnos e conseguir con eles unha maior interacción pois perciben tanto ó profesor como a asignatura como máis cercanos e actualizados.